



PASEOS LITERARIOS POLA PROVINCIA DA CORUÑA 2021

XAVIER SEOANE
A CORUÑA. UN POSIBLE ROTEIRO
ROSALIANO?

A CORUÑA. UN POSIBLE ROTEIRO ROSALIANO?

XAVIER SEOANE

A muller, acompañada dos seus fillos e da criada, saíu do portal nº 3 da Rúa Padilla, no corazón da Cidade Alta, e, fronte ao edificio onde o seu home intentaba poñer orde nun Arquivo tan maltreito como os asuntos da súa patria, asomou á Praza da Fariña, descendeu camiñando polas lousas de pedra pulidas polos anos, e desembocou fronte ao mar. Do outro lado da ría, os vagarosos outeiros das Mariñas devalaban cara o Atlántico. A praia de Mera, na distancia, esvaecía no ouro da tarde. Escachaban as ondas contra o pétreo baluarte do Seixo Branco.

A muller, acompañada da criada e dos fillos, colleu á dereita e, de socato, na costa do Parrote, que circundaba o mar, viu, como outras veces, a longa ringleira –case todos homes– á agarda de embarcar no imponente vapor ancorado no centro da baía. As barcas que os levaban a bordo rebordaban de xente mais volvían baleiras e caladas.

As gaivotas sucaban o ceo. O seu chío, áspero e agre como as soterradas maldicións dalgúns dos que embarcaban, disonaba sobre o murmurado balbordo dos que partían cara América ou acudían a despedilos no recanto rochoso onde a Dársena se protexía das ondatas. Díciase que, unha vez embarcados, cando o navío, ao lonxe, perdía de vista a cidade, producíase a bordo tal silencio que todos abandonaban a cuberta e desaparecían no ventre ateigado do cetáceo.

A muller, casada cun home cativo, rexo de vontade e de forte carácter, que raramente podía acompañalos, na compañía dos seus cinco fillos e, naquela altura, no comezo dun novo embarazo, non sabía entón que, da visión desa ringleira dolorosa de homes expatriados, ían xurdir, no futuro, versos estarrecedores:

Na plácida ribeira solitaria
que convida ao descanso e aos amores,
de humanos seres a compacta liña
que brilla ao sol, adiántase e retórcese.
Máis preto, e lentamente, as curvas segue
do murallón antigo do Parrote.
O corazón apértase de angustia.
Óense risas, xuramentos se oen,
e as blasfemias se axuntan cos suspiros...
Onde van eses homes?

Esa muller vivira en diversos lugares e múltiples casas. Na cidade mariña a súa vida, sempre discreta, reducíase a pouco máis que ao devir familiar, á escrita á que ás veces se entregaba, ás lecturas e conversas co seu home e a algunhas saídas e paseos para cumprir urxencias ou espallar o ánimo. Coma hoxe. Pois a tarde asollada, rara nesta época outonal nunha cidade que moitas veces o vento e a chuvia azoutaban coas súas bátegas, permitía achegarse até o barrio da Pescadería, bulicioso de mariños, pescadores e comerciantes.

Ao baixar a costa do Parrote, de fronte, cabo do Teatro Principal (como ía ela saber, entón, que algún día lle poñerían o seu nome?) albiscou as primeiras galerías que se edificaban contra o mar. A cidade viña enchéndose desde había un tempo, grazas á florecente industria do vidro, de fermosas balconadas de cristal, que reflectían a luz e os ceos cunha clara e cambiante levidade, e agora comezaban a construírse a carón mesmo do mar, como proas varadas de navíos, desexosas talvez de volver a navegar.

Cara a aquelas nacentes galerías dirixiuse a inqueda *troupe* familiar. E seguiu avanzando polo bordo litoral, fronte a un bulir de redes e de barcas, até achegarse, bordeando as casas de Paredes, que na súa nobre cantaría lembraban o clásico facer dos Ilustrados, até o Paseo da Alameda, baixo cuxas árbores, que sucaban dun lado ao outro o istmo cidadán, os nenos se entregaron aos seus xogos e a muller, no banco, ás súas divagacións, pensamentos e saudades.

A *troupe* chegara, non había moito, de Simancas. Nesa vila de Castela o seu home, impetuoso, ás veces un tanto arbitrario, que fora xefe do histórico Arquivo, tivera graves problemas cun subordinado. Tampouco ela, desarraigada e allea, chegara a integrarse no lugar. Por sorte, o traslado á cidade mariña propiciáralles unha certa serenidade. E era ben máis aberta. Ben máis xenerosa e liberal. E eses aires que auspiciaban os novos tempos parecían outorgarlles a promesa dun vivir máis remansado.

Sentada no paseo da Alameda, onde a cotío a cidadanía espaxiaba o seu lecer provinciano, e mentres contemplaba, ao lonxe, os campos circundantes dos Castros e de Oza, lembraba as veigas nativas de Ortoño e de Padrón, onde decorreran os seus primeiros anos, dos que gardaba tantas, tantas lembranzas, algunhas fermosas, outras menos gratas...

Parecíalle, na cidade atlántica, estar vivindo un certo momento de acougo, nunha vida que non fora parca en sorpresas, desacougos e sobresaltos. Pois o seu vivir decorría de modo íntimo, discreto. Pouca vida exterior, pouco roce social. Nada que a obrigase á frívola vaidade e á banal conveniencia dos ritos humanos.

Pracíalle saír. Camiñar. Sentir a liberdade, o aire no rostro, a amplitude do espazo... Unhas veces, o percorrido era cara o veciño miradoiro de San Carlos, onde xacían os restos de sir John Moore, o xeneral que, loitando nas abas de Elviña que desde alí se albiscaban, achara a morte dos heroes. O tráxico destino do heroe maltreito e derrotado.

Alí, desde a atalaia de San Carlos, sentindo o bruar das ondas e o fungar do vento, vía a pena das Ánimas e a illa do Castelo onde encarceraran o mariscal Porlier, o *Marquesito*, antes de sentencialo.

Outras veces, camiñaba cara o Campo da Leña, onde axustizaran vilmente o nobre e insurrecto mariscal. Nalgunha que outra ocasión, achegárase á Torre. Agradáballe tanto aos meniños correr por aqueles campos, pampos das aspas dos muíños de vento, que imaxinaban como quiméricos xigantes...

Máis triste tiña sido cando, algunha vez, se achegara co seu home á praia de Santo Amaro, onde o amigo común, o malfadado Aurelio, poeta e compañeiro dos tempos composteláns, afogara, tan mozo aínda, sen saberse se fora por accidente ou de forma intencionada...

Espazos, percorridos dos seus leceres e das súas melancolías. Así decorría a súa vida, naquela cidade que era como unha balea destemida en eterno desafío aos temporais.

Mais, na vida, se o tempo das melancolías acostuma ir medrando, o dos goces e leceres adoita devalar. Así é como un bo día de 1873 o seu esposo veu comunicarlle que fora cesado. A Restauración estaba en marcha e comezaran as represalias. Os inimigos da liberdade volvían ao poder, con fame de vinganza. Sen traballo, cumpría deixar a cidade, onde non albiscaba un posible acomodo laboral.

Volver a Lestrove?

Retornar a Santiago?

Intentar algo en Madrid, facendo fincapé nalgunhas xenerosas amizades?

As gaivotas e as ondas tiñan patria.

Os que erguían os pobos e os cantaban, ou facíanlles a elexía mortal do seu naufraxio, debían conformarse cos traballos e os días, cos azares e as mágoas, nun eterno, constante volver a comezar...

Este vaise e aquel vaise,

e todos, todos se van.

Galicia, sen homes quedas

que te poidan traballar.

Anoitecía.

A *troupe* soubo que non había outra que ir pensando en levantar a casa e porse de novo en marcha.

NOTA: A naquel tempo chamada Rúa de Padilla recibe hoxe o nome de Rúa do Príncipe. E a vella Praza da Fariña noméase Praza de Azcárraga. O Arquivo de Galicia, onde traballaba Murguía, estaba situado no actual Pazo de Capitanía. As galerías da Mariña comezaron a edificarse en 1868, empezando pola situada a carón do teatro Rosalía de Castro, que daquela se chamaba Teatro Principal ou Teatro Novo. As casas de Paredes, por fortuna, resistiron as sucesivas ondatas do martelo especulativo. A Rúa da Alameda non conserva, hoxe, ningunha árbore, tendo sido convertida nunha ruela estreita e escura. O barrio da Pescadería, ou Cidade Baixa, medrara á marxe da Cidade Vella ou Alta, bordeando a actual Avenida da Mariña, nun tempo en que o mar chegaba á beira dos actuais soportais das galerías da Dársena.

O texto de Rosalía aparece relativamente actualizado.